

ACTA DA RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á PUNTUACIÓN FINAL PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓNS E NOMEAMENTOS, NA CATEGORÍA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A NO CONCELLO DE PONTEAREAS.

Nas instalacións do Centro de Desenvolvemento Local (CDL) de Ponteareas, 5 de setembro de 2022, sendo as 11,30 horas, reúnese o tribunal do proceso selectivo para a CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓNS E NOMEAMENTOS, NA CATEGORÍA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, formado polos señores: D. MANUEL MARTÍNEZ PÉREZ, (presidente) dona ANA ISABEL PICHEL PAZOS, dona MARÍA DEL CARMEN BALOIRA DURO (Vogais), actuando como Secretario o funcionario don JOSÉ GONZÁLEZ MONTERO.

Unha vez constituído o Tribunal, procédese a resolver os recursos de alzada presentados polas candidatas, dona Vanesa Pérez Carballido e dona Gala Regengo Alonso e a solicitude de dona Paula Besada Torres, con respecto á puntuación final do proceso selectivo.

1.-) O Tribunal acordou estimar en parte o recurso que presentou a candidata dona Vanesa Pérez Carballido, xa que unha vez revisada a puntuación no apartado de “experiencia”, se comprobou que houbo un erro na estimación dos meses que traballou para a Administración Pública, polo que a puntuación correcta é de 1,88 puntos e non de 0,66 puntos como figuraba no acta final.

En canto á parte do recurso que non se estimou, o Tribunal fai constar que no acta anterior (29/08/2022) se fixo mención ao seguinte:

“Para a valoración da fase de concurso o Tribunal, segundo o establecido nas Bases, tivo en conta os seguintes criterios:

- **Formación:** Só se valora a formación relacionada coas funcións propias da praza a que se aspira. Non outra de tipo superior ou propia de categorías superiores ou de funcións distintas ás da praza.

Non se valora a formación con contidos similares ou repetidos. Neste caso, terase en conta aquela que teña maior nº de horas.

- **Experiencia:** Só se valora a relacionada coa mesma categoría profesional: Auxiliar Administrativo/a”.

2.-) O Tribunal acordou estimar en parte a alegación que presentou dona Paula Besada Torres, xa que, una vez repasada a puntuación final, se comprobou que na fase do “Concurso”, sumouse un punto de menos, polo que en vez de ser 2,45 puntos debería poñer 3,45 polo que terase que engadir 1 punto máis na puntuación final.

En canto á parte da alegación que non se estimou o Tribunal fai constar que no acta anterior (29/08/2022) se fixo mención ao seguinte:

“Para a valoración da fase de concurso o Tribunal, segundo o establecido nas Bases, tivo en conta os seguintes criterios:

- **Formación:** Só se valora a formación relacionada coas funcións propias da praza a que se aspira. Non outra de tipo superior ou propia de categorías superiores ou de funcións distintas ás da praza.

Non se valora a formación con contidos similares ou repetidos. Neste caso, terase en conta aquela que teña maior nº de horas.

- **Experiencia:** Só se valora a relacionada coa mesma categoría profesional: Auxiliar Administrativo/a”.



3.-) En canto o recurso presentado por dona Gala Regengo Alonso, a candidata fai constar que non presentou a documentación acreditativa de méritos para fase do concurso xunto á solicitude, xa que as Bases Específicas do proceso selectivo non o establecían.

O Tribunal acorda desestimar o recurso, baseándose no que sinalan as Bases Xerais da Selección de Funcionario Interino e Persoal Laboral no Concello de Ponteareas, publicadas no Boletín Oficial de Provincia de Pontevedra, nº 193, de data 5 de outubro de 2018:

“Punto 3.- INSTANCIAS. 1.-A instancia conterá, polo menos, os datos indentificativos e persoais do solicitantes co seu enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico e a denominación do posto convocado á que opta, achegándolle unha copia do documento nacional de identidade ou tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios e, no seu caso, fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados. Neste senso, no concurso só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias”.

Asimismo, no Punto 3.- INSTANCIAS, 7) A documentación acreditativa do méritos que aleguen posuir para a súa valoración na fase de concurso deberá presentarse a través de fotocopias.

Para acreditar a experiencia laboral, deberá facerse a través de certificado de servizos prestados expedido pola administración pública ou contrato de traballo acompañado de vida laboral.

De non ter presentada fotocopia do mérito que se desexe alegar no prazo indicado, este non se terá en conta a efectos de puntuación”.

Á vista dos recursos e alegacións estimados, as candidatas varían as súas posicións na listaxe definitiva, que se expón a continuación:

NOME	1º APELIDO	2º APELIDO	OPOSICIÓN	CONCURSO	GALEGO	TOTAL
BÁRBARA Mª.	CARIDE	NIMES	17,40	4	1	22,40
VANESSA	PÉREZ	CARBALLIDO	16,45	2,88	1	20,33
RUBÉN	ALONSO	SOUSA	17,70	1,10	1	19,80
DIANA	CORTIZO	FERNÁNDEZ	15,60	3,10	1	19,70
SERGIO	VILLAVERDE	MARTÍNEZ	16,45	2	1	19,45
NATALIA	VALADO	GREGORIO	17,40	1	1	19,40
Mª ANGELES	FERREIRO	LÓPEZ	15,40	3	1	19,40
GABRIEL	ROMÁN	RADÍO	16,45	1,93	1	19,38
MONTSERRAT	VIEITES	RÚA	18,20	0	1	19,20
INÉS	GIRALDEZ	OJEA	15,90	2,10	1	19,00
GALA	REGENGO	ALONSO	17,90	0	1	18,90
REBECA	LÓPEZ	PINTANE	16,70	1	1	18,70
JOSÉ	FERNÁNDEZ	CAMPOS	17,45	0	1	18,65
MARCOS	ALONSO	BARCIA	14,30	3	1	18,30
M.ª ELENA	MÉNDEZ	CORDEIRO	17,20	0	1	18,20
ELVIRA	PINAL	MOREIRA	13,50	3,32	1	17,82
ALEJANDRA	GONZÁLEZ	RODRÍGUEZ	16,05	0,70	1	17,75
MARIA JESÚS	MOYA	QUEIMAÑO	16,20	0	1	17,20
MARTA	GONZÁLEZ	ENTENZA	13,80	2,40	1	17,20
ENAIR	LÓPEZ	RAMÍREZ	16,15	0	1	17,15
PAULA	BESADA	TORRES	12,70	3,45	1	17,15
ISABEL	GONZÁLEZ	LAGO	14,60	1,30	1	16,90



ANDREA	ESTÉVEZ	GONZÁLEZ	14,85	1	1	16,85
ALBA	MARTINEZ	DOMINGUEZ	15,05	0,55	1	16,60
JAVIER	BARREIRO	RICÓN	14,55	1	1	16,55
ROSA NIEVES	LAGO	LÓPEZ	13,80	1,60	1	16,40
SONIA	GONDAR	GONDAR	15,35	0	1	16,35
ROCÍO	MARTINEZ	PEREZ	14,00	1	1	16,00
OLAIA	EIRIZ	BLANCO	14,85	0	1	15,85
ELENA	FRESCO	BARBEITO	14,60	0	1	15,60
GUILLERMO	CRIADO	RODRÍGUEZ	13,45	1	1	15,45
LUCIA	SILVA	CANABAL	13,45	0,80	1	15,25

E non sendo outro o obxecto desta reunión, ás 13,50 horas do mesmo día, polo Presidente levántase a sesión da que eu, Secretario do Tribunal, dou fe,

Documento asinado dixitalmente

